

O xornal da Terra de Melide

Nº 77. Xuño 2012. Distribución gratuíta

Cita coa boa gastronomía na Ruta “Melide de Tapas”

Os amantes do bo comer teñen unha escusa inmejorable para achegarse a Melide todas as fins de semana do mes de xuño: arranca a terceira edición da Ruta “Melide de Tapas”, organizada por Asetem. Dezanove establecementos participantes, unha ampla variedade dos petiscos máis orixinais e premios para os clientes que puntúen as tapas conforman o atractivo dunha das citas gastronómicas máis importantes da comarca. P3



EMPRESA

Asetem e Melisa reciclan PC's para poñelos ao servizo dos empresarios P5

COMARCA

A “I Ruta de clásicos” reúne 63 vehículos históricos en Melide P14

CULTURA

Reportaxe: Casa Melchora, catro xeracións de repostería tradicional P19

ENTREVISTA



Enrique Gómez,
Pizzería Xoldra P23

Un camiño peonil unirá a vila co campo de fútbol




Os traballos comezaron a finais do mes de maio e teñen un orzamento de 52.000 €. A senda contribuirá a mellorar a seguridade viaria na AC-840. P11

O Pazo de Congresos terá pistas de pádel cubertas



O concello tamén prevé construír nas instalacións un espazo de ocio infantil para nenos entre cero e 14 anos con áreas diferenciadas en función das idades. P11



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ
ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA

- MEDICIÓN DE TERRENOS
- INFORMES PERICIALES
- PROYECTOS AGRÍCOLAS
- PARTICIÓN DE HERENCIAS (partixas)
- VALORACIONES - CATASTRO
- CONCENTRACIÓN PARCELARIA
- CONCESIÓN DE AGUAS (pozos, traídas vecinales, etc)

Tfno. / Fax: 981 50 54 82 - Móvil: 639 82 00 24 - E-mail: ingtec@teleline.es
Rúa Xosé Ramón Fernández Castro, 14 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

A sanidade nas nosas mans

Se os milagres existen, os seus protagonistas ben poderían ser terreaís: o sábado 26 de maio dous mozos estiveron a piques de salvarlle a vida a unha muller que sufriu un infarto na Praza do Convento de Melide. A casualidade fixo que nese momento o médico de garda do ambulatorio fose camiño do Hospital Clínico de Santiago con outro infartado. Tamén foi cousa da casualidade que estivese daquela na praza unha enfermeira e a poucos metros, no tanatorio, un mozo que traballara no 061. Entre os dous tentaron obrar un milagre que finalmente non foi posible.

O certo é que o cúmulo de casualidades, malas e boas, destapou as flagrantes deficiencias de Melide en materia sanitaria. Unha vila de 8.000 habitantes non pode permitir que o ambulatorio quede baleiro cando haxa unha emerxencia grave. A falta de profesionais suficientes custou a vida dunha muller, e ben sabido é que nin a vida nin a saúde das persoas é asunto que deba deixarse ao destino do azar e das casualidades.

O suceso deixou patente ademais outras deficiencias nos medios sanitarios da comarca: ante a ausencia dun dispositivo de emerxencia en Melide, mobilizouse a ambulancia máis próxima. Foi enviada dende Palas de Rei e



tardou 20 minutos en chegar, un tempo excesivo para un suceso desa gravidade.

Melide debe contar cando menos con dous médicos de garda. A responsabilidade das autoridades locais é iniciar canto antes as xestións necesarias para esixirle aos organismos competentes unha mellora do servizo que evite outra situación semellante. É tamén responsabilidade do pobo de Melide reaccionar, con mobilizacións se é preciso, e non deixar que todos os comentarios e queixas que se escoitan sobre o sucedido sexan exclusivamente parte dunha conversa na beirarrúa. Só canalizando colectivamente a indignación se poden conseguir obxectivos de mellora.

Os habitantes da Terra de Melide debemos esixir unha

sanidade de calidade e a crise económica non debe coartarnos á hora de reclamar os nosos dereitos, uns dereitos que poden verse comprometidos con determinadas actuacións. Un exemplo é o Plan de Ordenación de Recursos Humanos do Sergas, aprobado o pasado 8 de maio, que só prevé cubrir un 10% das 1.695 xubilacións previstas ata finais de 2013, segundo denuncia o sindicato médico O´mega.

A eficiencia na utilización dos recursos económicos pode ir perfectamente parella á eficiencia na prestación dos servizos. Ese equilibrio é o que debe perseguirse dende a administración e o que debe esixir o pobo para que nunca máis en Melide a vida dunha persoa dependa dun cúmulo de boas e malas casualidades.

Tribuna de opinión

A forza da hostalería

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Asetem-Cca pon en marcha por terceiro ano consecutivo a Ruta “Melide de Tapas” co obxectivo de fomentar o consumo na vila ao tempo que promocionar a súa gastronomía. A iniciativa ten boa acollida entre os hostaleiros e mostra diso é o número de participantes, que lonxe de decaer, aumenta en cada edición. A súa resposta a un proxecto que cren acertado tanto para eles mesmos como para os consumidores son unhas tapas de calidade, elaboradas e orixinais.

Ao outro lado da barreira, os clientes comezan a familiarizarse cunha iniciativa que se consolida e aumenta o interese que esperta a ruta nos medios de comunicación. Este ano a TVG gravará parte dun programa en varios locais e xa

o ano pasado visitou establecementos para dar conta da elaboración dos petiscos.

Sobra dicir que a ruta “Melide de tapas” funciona. O éxito radica en que se trata dun proxecto colectivo no que se implica un número importante de locais do que é, sen dúbida, o sector máis potente do comercio melidense; a hostalería. A unión é a que potencia a ruta de tapas e fai dela un produto válido e atractivo. Nesa liña Asetem-Cca, como proxecto colectivo que tamén é, precisa de toda a forza deste sector. Ter un maior número de hostaleiros entre os socios da patronal revertería positivamente en todo o tecido empresarial. De aí o chamamento desta xunta directiva a aproveitar a forza da hostalería como motor de progreso.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓN: Santiago Prado Conde, Xosé Núñez López, Asociación de Troiteiros ‘Río Furelos’ de Melide, Rafael Rodríguez Gaioso

AGRADECIMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	11
-COMARCA.....	14
-CULTURA E LECER.....	19
-COLABORACIÓN.....	22
-ENTREVISTA.....	23

Dezanove locais da vila amosan a mellor gastronomía no III “Melide de Tapas”

Sortearase unha visita con xantar ó zoo de Marcelle entre os clientes que puntúen todos os petiscos

Por terceiro ano consecutivo o mes de xuño brinda unha excelente oportunidade para degustar e gozar do mellor da gastronomía melidense: Asetem-Cca pon en marcha a III Ruta “Melide de Tapas”, que se desenvolverá nas fins de semana comprendidas entre o 8 e o 30 de xuño e na que participarán 19 establecementos hostaleiros da vila. Ao igual ca en edicións anteriores, as tapas serán totalmente gratuítas e serviránse os venres de 20:00 a 22:30 horas e os sábados de 13:00 a 15:00 e de 20:00 a 22:30 horas.

Premios para os clientes
Á marxe do regalo que supón para o padal probar unha tapa feita en Melide, os clientes que



“Melide de tapas” é un bo reclamo para a clientela, que aumenta durante a celebración da ruta

participen na ruta entrarán no sorteo de varios premios. Só terán que facerse cun caderno de votación, que poderán conseguir na oficina de turismo do concello ou en calquera dos locais inscritos no concurso, e ir puntuando as tapas que proben. Entre todos os cadernos debidamente cumprimenta-

dos e selados polos 18 establecementos participantes, sortearase unha xornada para dúas persoas no parque zoológico Marcelle Natureza, en Outeiro de Rei (Lugo). A visita inclúe un xantar no restaurante La Cabaña de Marcelle, situado dentro do propio recinto. Aqueles clientes que non cu-

bran a totalidade do caderno pero teñan o selo, como mínimo, do 50% dos locais, entrarán no sorteo dun lote de produtos ibéricos cedido por xentileza de Distribuciones O Carrizo. Antes de rematar o concurso, o cliente deberá entregar a súa cartilla de votación en calquera dos estable-

cementos participantes na Ruta “Melide de Tapas”. Nese momento será obsequiado cunha consumición gratuíta.

Catro tapas ganadoras


Ademais do voto popular, haberá un xurado profesional formado por expertos en gastronomía que visitarán os locais de xeito anónimo durante o tempo de celebración do concurso. Entregaránse premios á mellor tapa, á tapa innovadora, á tradicional e á feita con produtos da terra. Os locais que non resulten ganadores en ningunha das categorías anteriores entrarán no sorteo dun premio especial: unha sesión no circuito termal do Balneario Río Pambre.

A Ruta “Melide de Tapas” é un proxecto co que Asetem-Cca quere incentivar o consumo na vila e poñer en valor a gastronomía de Melide como produto turístico en si mesmo. Os hostaleiros locais destacan a boa acollida que teñen este tipo de iniciativas entre o público e resaltan que ademais de ser do agrado da clientela habitual, logra atraer novos clientes dentro da comarca.

III RUTA ‘MELIDE DE TAPAS’



Cervecería O Trasno
Ensaladilla “estilo Trasno”



Cervecería O Sapo Lambón
Tapa mariñeira 100%



Restaurante Novo Continente
Tosta mariña ó toque da Ulloa



Cervecería Pinocho
Mexillóns gratinados



A Boa Viña / A Boa Vida
Chouriciños ó viño na Boa Viña



Bar Cepa. Calamares recheos “estilo Melide”



Cervecería Godiva
Ensalada de arroz



Bar Novo Valente
Espeto de zamburinas con arroz tres delicias



Cafetería Avenida
Caprichos de grelos con gambas



Cafetería Stop
Zorza con cachelos “estilo Stop”



Casa Quinzán
Mini cima de ave



Adega Mandil
Espeto de San Benito



A Fundación
Tosta de cebola con queixo de cabra



Cafetería Cire
Cadrado de ensaladilla ao Cire



Pensión Xaneiro
Hummus



Pulpería Mosquera
Salpicón de polbo



Café-Bar O Cantón
Chocos en salsa galega



Big Ben Irish Tavern
Tortilla “Big Ben”



Pousada Chiquitín
Espeto de polbo con gambas e queixo do Cebreiro

Melide de Tapas

HOTEL Restaurantes
Xaneiro
PX HX
 Pensión Xaneiro, s.l. Hotel Xaneiro, s.l.
 Tel.: 981 50 50 15 Tel.: 981 50 61 40 - Fax: 981 50 71 99
 San Pedro, 22 - Melide Avda. de la Habana, 43 - Melide
 HABITACIONES CON BAÑO Y T.V. - CALEFACCIÓN - AIRE ACONDICIONADO
 SUITS - HAB. PARA MINUSVÁLIDOS - TLFNO EN TODAS LAS HABITACIONES
 CIBER - ACCESO A INTERNET WIFI DESDE LAS HABITACIONES
 www.xaneiro.com hotelxaneiro@arrakis.es

A boa Viña
A boa Vida
 Praza da Herba, 10 - Zona dos Viños - MELIDE

NOVO
ALENTE

CERVEXERÍA - TAPERÍA
SAPO LAMBON
 Taboada Roca, 3 MELIDE

BIG BEN
FRESH TAVERN
 Praza da Herba, 8 - 15800 MELIDE (A Coruña)

PULPERIA
RESTAURANTE
MOSQUERA
 hacemos pulperías
 www.pulperia-mosquera.com pulperia-mosquera@gmail.com

Cire
Cafetería
 Rúa Principal, 11 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Pousada Chiquitín
 • Almorzos
 • Menú do día
 • Unha carta con pratos moi variados
 • Habitacións
 • Terrazas
 Tfno.: 981 815 333 - Fax: 981 507 560
 Rúa San Antón, 18 - 15800 MELIDE
 www.pousadachiquitin.es - info@pousadachiquitin.es

Cervexeria Cafeteria
O' TRASNO
 Rda. de Pontevedra, 30 - 15800 MELIDE (A Coruña)

CERVEXERÍA
Godiva

Casa Quinzan
RESTAURANTE
 Rúa do Convento, 7 TEL: 981 505 325
 MELIDE restaurantehquinzan@gmail.com

CERVECERÍA
Pinocho
 Rúa Galicia, 7 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Adega MANDIL
 Tfno.: 981 505 753 - Rúa Alberte de la Fuente, 6
 15800 MELIDE (A Coruña)

BAR AVENIDA
 Ambiente familiar
 Campionato de tute todos os domingos e festivos
 Comida caseira por encarga callos - tortillas - lacóns
 Tfnos: 981 50 73 58 - 698 12 14 94
 Praza das Universidades, 1 - Melide

Especialidades de desayuno
Postres calientes y Tapas
 STOP
 MELIDE

Café-bar Cantón
 Tfno: 981 50 55 69
 Mateo Segade Bugueiro, 29
 15800 MELIDE (A Coruña)

HOSPEDAJE - BAR RESTAURANTE
Novo Contingente
 Telf: 981 50 61 82 - 699 61 37 59
 C/ Luis Seoane, 8
 15800 MELIDE (A Coruña)

BAR CEPA
 ZONA DOS VIÑOS - Tfno.: 981 50 72 56
 Praza da Herba, 5 - 15800 MELIDE (A Coruña)

A FUNDACIÓN BOWLING
MELIDE - OCIO
 Tel.: 981 50 79 23 - Avda Toques e Friol, 23 - 15800 MELIDE - www.afundacion.com

Asetem e Melisa poñen ordenadores reciclados con software libre a disposición dos empresarios

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) e a Asociación de Usuarios de Software Libre de Melide (Melisa) asinaron un convenio de colaboración o pasado xoves 7 de xuño que permitirá recuperar ordenadores obsoletos para poñelos ao servizo de empresas e usuarios que os precisen para a súa actividade diaria. Con esta iniciativa, as dúas entidades pretenden facilitar o acceso ás novas tecnoloxías e darlle difusión ao software libre en diferentes ámbitos da comarca.

O proxecto consiste en recoller equipos informáticos vellos ou que xa quedaran desfasados para amaialos, actualizalos e poñelos a disposición de empresas ou asociacións que os necesiten. Está aberto á colaboración de calquera tipo de entidade da comarca: tanto negocios como asociacións, cooperativas, fábricas ou particulares poderán doar de xeito voluntario os equipos que xa non utilizan. O punto



de recollida será a sede de Asetem. Á marxe dos ordenadores tamén se poderán entregar dispositivos soltos como monitores, teclados, lectores de cd's, fax, ou ratos que estean en desuso e que sexan aptos para a reciclaxe.

Unha vez entregados, Melisa encargarse de revisar os equipos e de arranxar todos os compoñentes que sexa preciso para poñelos de novo en fun-

cionamento. Estas tarefas tamén incluírán a instalación dun sistema operativo libre e incluso dalgunhas aplicacións informáticas que sexan de utilidade para o novo usuario.

Prioridade para socios

Os equipos reparados quedarán á espera de que algún os solicite, algo que poderá facerse poñéndose en contacto con Asetem ou con Melisa. Es-

tarán dispoñibles para un amplo abano de supostos pero no caso de existir unha alta demanda e un stock reducido, os socios de Asetem terán prioridade, xa que un dos obxectivos do convenio é evitar que a falta de soportes informáticos obstaculice o desenvolvemento empresarial da comarca.

Poderán facer a súa solicitude dende autónomos que se queren dar de alta e precisan un ordenador para comezar a actividade ata pequenas empresas que desexan montar unha oficina, pasando por asociacións que precisen un equipo para as súas xestións. A solicitude estará tamén aberta para empresas que queiran experimentar co software libre e incluso para familias que necesiten un ordenador e teñan serias dificultades para mercalo.

Os equipos non serán regalados, senón cedidos temporalmente. O tempo da cesión non é fixo e dependerá das necesidades do usuario.

BREVES

Subvencións para maquinaria

A Consellería do Medio Rural destinará 1,5 millóns de euros na convocatoria de 2012 para a compra de maquinaria agrícola e a construción ou mellora de almacéns. As axudas buscan promover a utilización de equipamentos en réxime asociativo. Poderán solicitálas as cooperativas e as sociedades agrarias de transformación (Sat) que teñan como obxectivo social prioritario a adquisición e o uso de maquinaria.

Bolsas de Asetem para asociados

Os socios de Asetem-Cca xa poden pasar pola sede da patronal para recoller as bolsas co logo do centro comercial aberto. Cada comercio poderá levar ata 150 unidades e escoller entre tres tamaños diferentes. Terá que aboar 10 céntimos de euro por cada bolsa.

O GDR fomenta o cooperativismo como fórmula para activar a economía local

En tempos de crise nos que é preciso buscar alternativas para manter a rendibilidade das actividades económicas, o Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla-Tambre-Mandao (GDR UTM) aposta por crear cooperativas para facer máis competitiva a economía da Terra de Melide. Con ese obxectivo, organizou o pasado 23 de maio unha xornada no Telecentro de Melisanto á que acudiron arredor de vinte persoas de concellos da comarca.

A iniciativa foi pensada especialmente para propietarias de pequenas hortas e traballadoras do sector da limpeza no fogar e da axuda a domicilio, xa que a partir do mes de xullo deberán ser contratadas para poder seguir realizando ditas actividades. Para o GDR este novo requisito pode facer que moitas mulleres queden sen traballo, tal e como apunta María Fernández, xerente da entidade: “para calquera persoa que teña contratada unha limpadora dúas horas á semana, sería unha molestia e un custo extra formalizar un



A charla foi impartida pola Rede Eusumo da Xunta de Galicia

contrato, polo que acabaría optando por contratar unha empresa que lle mande a unha persoa e á que simplemente lle teña que pagar sen preocuparse de nada máis”.

Ante esta situación, O GDR considera que para estas profesionais a mellor alternativa sería montar unha cooperativa para “poder facturar e evitar que xurdan outras empresas que se queden con parte do seu beneficio”. O outro colectivo prioritario da xornada foi

o das persoas que cultivan a horta a pequena e mediana escala para vender os seus produtos. O presidente do GDR, Ovidio Leiva, sinalou que o cooperativismo é unha fórmula “moi interesante” para este sector e animou a cambiar o xeito de traballar dos pequenos agricultores: “hai que agruparse para producir mellor e compartir maquinaria. Non ten sentido mercala a título individual e logo tela parada a metade do ano”.

O concello solicita axudas para reducir o consumo enerxético na Madanela

O Concello de Melide pediralle á Consellería de Economía e Industria que subvencione o 90% dun proxecto para facer o parque empresarial da Madanela máis eficiente dende o punto de vista enerxético. Así o aprobou na derradeira Xunta de Goberno Local coa idea de reducir o consumo eléctrico do polígono e conseguir “un aforro nas arcas públicas que permita investir noutras necesidades de fortalecemento do tecido empresarial da vila”.

Dito proxecto ascendería a 107.810, 85 € e tería por finalidade dotar ao parque empresarial de servizos centralizados de xeración e subministración de enerxía, conseguindo así unha maior eficiencia con respecto aos xa existentes no polígono industrial.

Videovixilancia

Por outra banda, retómase a intención de reforzar a seguridade na Madanela e o concello tamén lle solicitará a

Industria unha axuda de 70.971,84 € para instalar un sistema de vixilancia “co que se pretende incrementar a seguridade de todas as empresas afincadas no parque”. De concederse, esta cantidade representará o 70% do custo total do sistema.

No mes de decembro a alcaldesa, Ánxeles Vázquez, comunicáralles aos empresarios do polígono que non se instalarían as cámaras de vixilancia porque, aínda que era un proxecto subvencionado, o concello non tiña cartos suficientes para pagar a parte que lle correspondía. Agora realízase unha nova tentativa para “mellorar o conxunto das infraestruturas empresariais”.

As actuacións solicitadas complementarían a que se prevé acometer en relación cos vertidos residuais do polígono, que finalmente serán desviados á depuradora municipal para seren tratados alí. O proxecto será redactado polos técnicos de Augas de Galicia.

...a peza que precisa a súa empresa

**laboral
contable
fiscal
sucesións
tráfico
seguros**

Solicite presupuesto sen compromiso !!

R/ Florentino L. Cuevillas, 2 Baixo
15800 MELIDE A Coruña
Tf: 881 973307 Fax: 881 975314
info@ccxestion.com
www.ccxestion.com

Axudas e subvencións

1. Programa Emega para fomento do emprendemento feminino, convocatoria para o ano 2012.

(DOG nº 96, do 22 de Maio de 2012)

Beneficiarias. Requisitos, entre outros:

.- Mulleres que creen microempresas ou pequenas empresas, establecéndose como autónomas, sociedades civís ou mercantís

.- A administración ten que ser exercidas por mulleres e o capital social pertencer unicamente a mulleres cando se trate de microempresas e estar maioritariamente subscrito por mulleres no caso de pequenas empresas.

.- Non ter recibido nos últimos 5 anos axudas do Programa Emega.

→ Liñas de axuda:

A- LIÑA EMPRENDE

Obxecto: Posta en marcha de empresas e creación de emprego feminino (conta propia e allea).

Requisitos: Desemprego (situación legal de desemprego ou inactividade por maternidade e/ou coidado de dependentes), mínimo de 3 meses anteriores ó inicio da actividade; e que non tivesen con anterioridade a mesma actividade económica.

Contía: Entre 12.000 e 22.000 euros, en función dos postos de traballo creados (mínimo 2).

B- LIÑA INNOVA

Obxecto: Melloras innovadoras (que inclúan creación de emprego feminino e competitividade).

Requisitos: Actividade empresarial ininterrompida entre 2 e 5 anos no mesmo sector; creación 1 posto de traballo para unha muller, con capacitación profesional media ou superior; e desenvolvemento de tecnoloxías avanzadas ou achega ao mercado de produtos ou servizos innovadores.

Contía: Entre 15.000 e 22.000 euros, en función dos postos de traballo creados.

C- LIÑA ACTIVA

Obxecto: Consolidación de empresas lideradas

por mulleres (Renovación, relanzamento, ampliación ou cambio de localización da actividade).

Requisitos: Actividade económica durante 3 anos; manter ou incrementar o número de postos de traballo.

Contía: Entre 6.000 e 22.000 euros, en función dos postos de traballo creados.

D- LIÑA CONCILIA

Obxecto: Conciliación laboral e familiar, beneficiarias con fillos menores de 3 anos.

Situacións subvencionables:

.- Promotoras con fillos menores de 3 anos; acordo ou convenio de conciliación para o persoal asalariado; acordos de teletraballo co persoal laboral da empresa.

Contía e prazo: Entre 1.000 e 5.000 euros. Tope total específico por empresa: 30.000 euros. Ata o 22/06/2012.

2. Subvencións a establecementos de turismo rural, hoteleiros, apartamentos e vivendas turísticas, campamentos, axencias de viaxes, cafeterías, bares, restaurantes e empresas de servizos turísticos complementarios, para certificación, seguimento ou renovación das normas UNE co obxecto de obtención ou mantemento de Marca "Q" de calidade turística. (DOG 101, de 29 de Maio de 2012)

Actuacións subvencionables:

.- Auditoría externa de certificación, seguimento e/ou renovación do sistema
.- Custos por dereito de uso da marca "Q".

Contía: Ata o 75% do orzamento, máximo 3.000 euros (1ª certificación ou renovación) e 2.000 (seguimento).

Prazo: 29 de Xuño de 2012.

3. Subvencións para mellora de albergues turísticos, ano 2012.

→ Liñas de axuda:

.- Proxectos de mellora, remodelación ou modernización das instalacións.
.- Equipamentos.

Contía: Ata o 40 %.

Prazo: Ata o 29 de Xuño de 2012.

4. Axudas a Pemes en materia de traballo en igualdade das mulleres de Galicia, ano 2012. (DOG 103, de 31 de Maio de 2012)

Liñas de axuda:

.- Implantación de plans de igualdade. Ata o 100%, máximo ata 6.000 €.

.- Investimentos tendentes á eliminación da infrarrepresentación feminina nos eidos laborais ocupados predominantemente por homes. Ata o 100%, máximo ata 22.000 €.

.- Investimentos para habilitar servizos de comedor, gardaría, lugares de repouso para embarazadas, salas de lactación e análogos. Ata o 100%, máximo ata 50.000 €.

Prazo: Ata 30 de Xuño de 2012.

Fiscal e laboral

MEDIDAS URGENTES DE IMPULSO DO COMERCIO (BOE 126, de 26 de maio de 2012).

AMBITO DE APLICACIÓN.

Actividades comerciais minoristas e a prestación de determinados servizos previstos no anexo desta disposición, realizados a través de establecementos permanentes, sitos no territorio nacional e cuxa superficie útil de exposición e venda ao público non supere 300 metros cadrados.

INESIXIBILIDADE DE LICENZA

Para o inicio e desenvolvemento das actividades e servizos definidos no punto anterior, non poderá esixirse por parte das administracións públicas obtención de licenza previa de instalacións, de funcionamento ou de actividade, nin outras de clase similar que suxeiten a previa autorización ao exercicio da actividade comercial o á posibilidade de apertura do establecemento correspondente.

Tampouco están suxeitos a licenza os cambios de titularidade de actividades comerciais e servizos. Neste caso será esixible comunicación previa á administración competente, aos efectos informativos.

Non será esixible licenza ou autorización previa para a realización de obras de acondicionamento dos locais para desempeñar a actividade comercial, cando non requiran redacción de proxecto de obra de conformidade coa Lei de Ordenación da Edificación vixente.

DECLARACIÓN RESPONSABLE OU COMUNICACIÓN PREVIA

As licenzas que non poidan ser esixidas serán substituídas por declaracións responsables ou comunicacións previas relativas ao cumprimento da normativa vixente, que deberá conter manifestación explícita do cumprimento dos requisitos que resulten esixibles de acordo coa normativa vixente, incluído estar en posesión de proxecto, en caso preciso.

ACTIVIDADES INCLUIDAS NO AMBITO DE APLICACIÓN DESTA DISPOSICIÓN

Actividades con IAE específico, nomeado no citado anexo, dentro dos grupos de IAE que se sinalan a continuación, son as incluídas no ámbito de aplicación deste real decreto-lei.

.- Industria do calzado e vestido e outras confeccións textís (Grupo 45 de IAE)

.- Comercio menor de produtos alimenticios, bebidas e tabaco en establecementos permanentes. (Grupo 64 de IAE)

.- Comercio menor de produtos industriais non alimenticios realizado en establecementos permanentes. (Grupo 65 de IAE)

.- Reparacións (Grupo 69 de IAE)

.- Actividades anexas ó transporte (Grupo 75 de IAE). Limitado a Axencias de viaxe.

.- Auxiliares financeiros e de Seguros. Actividades inmobiliarias (Grupo 83 de IAE)

.- Aluguer de bens inmoables. (Grupo 86 de IAE)

.- Servizos persoais (Grupo 97 de IAE)

Bodegas Mejuto, a tradición de viños e licores con selo propio

Máis de cincuenta anos distribuindo viños e licores abondan para ter o convencemento de que na tradición está a clave do éxito. Non hai dúbida para José Antonio Mejuto, o representante da terceira xeración á fronte dunha empresa familiar que soubo crear produtos únicos e diferenciados dende o apego ás fórmulas artesás e ás materias primas de primeira calidade.

Esa foi a base dende a que Bodegas Mejuto puxo en marcha a súa propia marca de licores, que en quince anos conseguiu ter un nome propio dentro e fóra das fronteiras de Galicia. “Non somos distribuidores de ningunha destilería. Temos as nosas receitas persoais patentadas e os ingredientes son propios”, comenta José Antonio, quen asegura que a aposta pola calidade é a mellor forma de diferenciarse nun mercado no que sería difícil competir en canto a prezo e volume de unidades.

Bodegas Mejuto elabora os seus licores con sistemas artesanais “adaptados á modernidade” pero que conservan a esencia “do xeito en que se facían antigamente; cunha maceración directa do café, das herbas, usando azucre e non glucosa”. Non hai cabida en todo o proceso para esencias, nin para espesantes ou colorantes. En definitiva, trátase tamén de respectar uns tempos, algo que, botando man dun símil culinario, viría sendo parecido “a facer un cocido na ola express ou nunha pota na cociña de leña. O resultado cambia”. Ao xeito artesanal vai saíndo un amplo



José Antonio Mejuto e Mª Jesús Ferreiro promocionaron os licores e viños de Bodegas Mejuto na derradeira edición da Festa do Melindre

abano de bebidas: licor de crema, crema de chocolate, de ron e de café. Tamén os licores máis convencionais: licor café, augardente tostada, de herbas, de mel, de froitos do bosque ou de laranxa. E outros de recente incorporación como o de limón ou o de piruleta.

Cata aberta e continua

Todos estes produtos de elaboración propia son distribuídos baixo a etiqueta “Licores Mejuto” e van parar tamén aos andeis do almacén que ten a adega na Ronda de Pontevedra para a venda directa ao cliente. Para a venda e para a degustación, porque se por algo é coñecida Bodegas Mejuto é porque invita ao comprador a probar: “aquí ábrense as botellas que fagan falta e dáselle unha mostra da bebida ao cliente; facemos unha cata constante e aberta a todos”, comenta José Antonio. “Nós xa sabemos que o produto é de

calidade porque coñecemos o que lle botamos, pero queremos que o cliente tamén merque con seguridade”.

Viños de calidade

Á marxe dos licores, outra das marcas de identidade de Bodegas Mejuto é a distribución de viños, coa que a empresa traballa dende que botou a andar. Trátase fundamentalmente de viños galegos de primeiras marcas, é dicir, aqueles que saen de adegas que levan setenta ou oitenta anos no mercado e que son unha garantía de calidade. Pero ademais, esta empresa melidense tamén conta cunha liña propia de viños. Son envasados en exclusiva polas bodegas coas que traballa, tanto embotellados como a granel, e constitúen “un produto personalizado que non existe en ningunha outra tenda ou distribuidora. Poden ser parecidos, pero non iguais”.

Da moto á tenda on line

José Antonio Mejuto leva media vida dedicado á bodega que hoxe xestiona. Aínda é novo pero recorda como seu avó tentou darlle un novo pulo ao ultramarinos que fundara en 1954 e comezou a vender viño aos poucos facendo o reparto cun carriño atado a unha moto. Os tempos cambiaron moito dende aquela, a empresa apostou pola innovación e hoxe as tres persoas que rexen o destino da bodega; o propio José Antonio, a súa muller Mª Jesús Ferreiro e o seu pai Luis Mejuto, ultiman os detalles para o lanzamento da tenda on line. O proxecto responde “a unha demanda dos clientes” e centrase nos produtos da “marca Mejuto”, incluíndo descrições de todas as bebidas, diferentes formas de pago e ofertas especiais para hostalería e distribuidores.

En cuestión de pouco máis dun mes os clientes poderán acceder a unha nova forma

de compra directa que eliminará calquera barreira xeográfica. Na actualidade a adega melidense está presente xa nas principais cidades e comarcas de Galicia e conta con distribuidores en Madrid, Cataluña, Valencia e País Vasco. Ademais mantén negociacións para expandirse ás illas Canarias e Baleares.

Detalles para vodas

Tamén no terreo da innovación Bodegas Mejuto apostou por personalizar os seus licores para ofrecelos como agasallo para os invitados nas vodas e outros eventos, unha iniciativa que está a ter moito éxito: “temos varios modelos de botellas que o cliente pode decorar como queira e encher cos licores que máis lle gusten”, explica José Antonio. “Os noivos non teñen máis ca vir por aquí, probar, escoller e encargar as unidades que desexen”. Un detalle orixinal, a combinación perfecta de tradición e innovación.



O almacén de Bodegas Mejuto contén un expositor cunha ampla variedade de marcas de viño. En primeiro termo, os detalle de voda.



Villamor.s.c

www.inmobiliariavillamor.com

Rodrigo Fernández Pombo

gerente

Inmobiliaria - Seguros - Comunidades

MELIDE
Cantón de San Roque, 8

Telf. y fax: 981 815 330
info@inmobiliariavillamor.com

SEGUROS BILBAO

Grupo CATALANA OCCIDENTE

Rodrigo Fernández Pombo
C/ Rda. de Pontevedra, 113
15800 - MELIDE
Tlf/Fax: 981 506 495
Móvil: 678 055 942


CONVENIO ESPECIAL ASETEM:
PRECIOS ESPECIALES PARA ASOCIADOS

VIDA, HOGAR Y ACCIDENTES hasta el

TU SEGURO DE VIDA, HOGAR Y ACCIDENTES

A PRECIO DE OTRAS TEMPORADAS

25%
descuento



IMPRENTA
meligraf

Tfno./fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)
e-mail: meligraf@empresagalega.eu

Fútbol, música e festa multitudinaria para celebrar o 37 aniversario do CIRE

O C.I.R.E de Melide cumpre trinta e sete anos de vida e celebrará o próximo 16 de xuño cunha gran festa na que reunirá a todos os seus xogadores, socios, amigos e simpatizantes. A xornada, que servirá para poñer punto e final á tempada deportiva, pretende ser tamén un acto de agradecemento a toda a masa social que apoia o club.

Fútbol e festa

A xunta directiva do C.I.R.E programou numerosos actos que comezarán ás 10 da mañá no Campo Municipal de Fútbol de Melide con varios partidos nos que se enfrontarán os equipos das categorías inferiores contra unha selección de pais e nais. Tamén se disputará un encontro entre afeccionados e veteranos e outro no que competirán ex xogadores de diferentes etapas.

A partir das 14:00 horas a actividade trasladarase ao Pazo de Congresos e Exposicións, onde se celebrará unha comida de confraternidade que estará amenizada pola ac-



Antonio Varela e Sara López, membros da directiva do CIRE

tuación dos grupos locais Froito Novo e Axóuxere. Tralo xantar haberá unha festa infantil cun fútbolín xigante, inchables, touro mecánico e sorteo de regalos. Para os adultos celebrarase un campionato de tute. A partir das 17:30 horas comezará o baile a cargo de Studio 21.

As persoas interesadas en asistir á comida poderán retirar as entradas ata o 13 de xuño na Cafetería Marte, Cafe-

tería Cristal e Adegas O Mandil a un prezo de 20 euros para os adultos e 5 para os nenos.

Un club consolidado

Ao longo de 37 anos o C.I.R.E de Melide leva realizando unha importante actividade en favor do deporte na vila. A día de hoxe ten 720 socios e conta con 7 equipos que suman 120 xogadores e representan ao equipo nos diferentes niveis de competición.



CasaQuinzan
RESTAURANTE

**Comedores privados.
Reservas para grupos.
Comidas y cenas para empresas.
Menú del día (lunes a viernes).**



Tfno.: 981 505 325 - Rúa do Convento, 7
15800 MELIDE (A Coruña)
restaurantecasaquinzan@gmail.com

XORNAL CERNE

Departamento de publicidade

663 687 322

981 506 188

adolfo2007adolfo@hotmail.com



CAFETERÍA - PIZZERÍA

Telf. 981 50 79 06

**Avda de Lugo, 25
MELIDE (A Coruña)**



1ª FESTA DO CIRE

16 xuño 2012

PROGRAMA DE ACTOS:

Campo Municipal de Fútbol.

10:00 h.: Prebenxamíns - Pais dos xogadores.

10:00 h.: Benxamíns - Pais dos xogadores.

11:00 h.: Alevíns - Pais dos xogadores.

12:00 h.: Seniors - Veteranos.

13:00 h.: Ex xogadores - Ex xogadores.

Pazo de Congresos de Melide.

14:00 h.: Recepción de asistentes.

14:00 h.: Actuación musical cos grupos de Melide FROITO NOVO e AXÓUXERE.

15:00 h.: Xantar de confraternidade: Menú adultos: 20 €. Menú especial nenos: 5 €.

16:00 h.: Festa infantil con inchables, fútbolín xigante, touro mecánico e competicións.

17:00 h.: Campeonato de tute para adultos.

17:30 h.: Baile coa discoteca móvil STUDIO 21.

19:00 h.: Sorteo especial dun televisor de plasma.

Servizo de Gardería.



MELIDE

37
Aniversario
do Club

Retirada de entradas ata o 13 de xuño na Cafetería Marta, Cafetería Cristal e Adegas Mandil.



GOMSERBUS

SERVICIO REGULAR Y DISCRECIONAL DE AUTOBUSES

Oficinas: C/ Niso Rodríguez, 6 - 2º.
15800 MELIDE (A Coruña)
Tfno. y Fax: 981 50 50 19
móvil: 639 21 50 90

Nave: Polígono Industrial "A Madanela"
15800 MELIDE (A Coruña)

www.gomserbus.com • gomserbus@telefonica.net

Servicio de Dermatología Clínica

**DERMATOLOGÍA - DERMATÓLOGO
DR. DANIEL GONZÁLEZ VILAS - N° COL: 1510358**



Diagnóstico y tratamiento de lesiones cutáneas y mucosas:

- Tratamiento y asesoramiento en patologías como el acné, psoriasis, dermatitis atópica, eccemas, alopecias...
- Prevención, diagnóstico y tratamiento de tumoraciones benignas y malignas de piel: Nevus, fibromas, queratosis, carcinomas cutáneos...
- Diagnóstico y tratamiento de enfermedades infecciosas cutáneas: Molluscum Contagiosum, verrugas vulgares, venereología, impétigos, hongos...

**Cita previa:
Tel: 981 506 228**



CONSULTA EN CLÍNICA

Comezan as obras do camiño peonil cara ao campo de fútbol

Era unha vella demanda veciñal que por fin será unha realidade: xa están en marcha as obras para construír unha senda peonil cara ao campo de fútbol municipal. Os traballos, que comezaron a finais do mes de maio, contan cun orzamento de 52.000 euros financiados na súa totalidade pola Consellería de Medio Ambiente, Infraestruturas e Territorio. O camiño habilitarase na marxe dereita da estrada comarcal AC-840 dende o punto no que rematan as beirarrúas ata a chegada ás instalacións deportivas. Terá unha lonxitude próxima ao medio quilómetro e contará cun ancho de 1,80 metros.

Para a alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, trátase dunha obra “necesaria e fundamental” para mellorar a seguridade viaria no entorno dunha estrada que rexistra un alto volume de tráfico. Por ese treito transitan moitos veciños, sobre todo os domingos, e tamén é utilizado a diario polos propios rapaces e rapazas



Movemento de terras na área afectada pola construción da senda

que acoden a adestrar ao campo de fútbol.

Asfaltado de pistas

O pleno da Deputación da Coruña aprobou na súa última sesión a contratación de obras en Melide por un importe de 172.000 euros. Unha das actuacións será o saneamento da Rúa Antonio Ponte Rodríguez, que conta cun orzamento de 30.000 euros. Os 142.000 restantes destinaranse a un pro-

xecto que abrangue o asfaltado de varias vías nas parroquias de Golán e Santalla de Agrón.

O mal estado das pistas é motivo de queixa constante por parte dos veciños do rural melidense, que esixen un arranxo urxente. Sobre este aspecto a concelleira de obras, Rosa Cabado, manifestou que o equipo de goberno “intentará mellorar unha parte importante das vías das aldeas ao longo deste ano”.

Proxectan unha pista de pádel e un espazo de ocio para o Pazo de Congressos

O Concello de Melide prevé construír unha pista de pádel cuberta no Pazo de Congressos e Exposicións. Segundo o equipo de goberno, a Deputación da Coruña xa ten nas súas mans o informe favorable dos servizos de arquitectura e vén de aprobar tamén a partida económica necesaria: 56.500 euros que alcanzará integramente o organismo provincial.

Esta actuación forma parte dun proxecto multidisciplinar que se completará cun espazo de ocio infantil pensado para rapaces e rapazas entre cero e 14 anos. Neste caso o orzamento ascende a 177.375 euros dos cales o concello de Melide terá que aportar 27.000.

O espazo de lecer terá catro áreas diferenciadas en función das idades. A primeira, para cativos entre cero e 3 anos, estará deseñada para o desenvolvemento motriz. Outra, destinada ao tramo de idade de 3 a 6 anos, terá xogos de imaxinación e elementos de motivación. As tres restantes

(6-8 anos, 8-10 anos e máis de 10 anos) incluírán xogos dinámicos, tanto individuais como en equipo, e varios elementos electrónicos.

Coma nun videoxogo

O espazo de lecer non só dará cabida a actividades lúdicas, senón tamén ás novas tecnoloxías. Incorporará un sistema de control por ordenador que lle permitirá aos usuarios interactuar e superar niveis do mesmo xeito que acontece nos videoxogos. O equipamento contará ademais con zona wifi de conexión gratuíta para acceso ás redes sociais, descarga de aplicacións e mensaxería instantánea.

A alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, destaca que se tratará do primeiro espazo de ocio cuberto que se constrúa nun entorno rural e confía en que axude a combater o sedentarismo de rapaces e mozos “cando o tempo de inverno non dá lugar a práctica de deportes ao aire libre”.

Corremelide reivindica o uso do galego “con orgullo”



Setecentos escolares de toda a comarca participaron na duodécima edición do Corremelide, o evento lúdico-deportivo co que cada ano se despide o curso escolar antes de comezaren os exames ao tempo que se pretende fomentar a reflexión sobre o uso da lingua galega. A xornada comezou cedo o 25 de maio nas rúas do casco vello de Melide, polas que transcorreron as carreiras das diferentes categorías. Ademais do

deporte, presentouse a nova mascota do Corremelide, deseñada por Xosé Tomás, e a Praza do Convento converteuse no escenario perfecto para a práctica de xogos tradicionais. O programa completouse coa actuación do mago Dani Polo e coa lectura do tradicional manifesto en defensa da lingua, no que os alumnos animaron a empregala “con orgullo, en cada momento sen deixar de ser nós mesmos”.

Encerro de mestres contra os recortes

Vinte e cinco profesores da comarca da Terra de Melide participaron o pasado 14 de maio nun encerro dentro das instalacións do instituto para manifestar o seu rexeitamento ao Real Decreto Lei sobre educación publicado recentemente polo goberno. Provisos con tendas de campaña, realizaron unha acampada diante do centro entre as 6 da tarde e as 8 da mañá para esixirlle á Xunta de Galicia “que non aplique ningún dos recortes que contempla o decreto”. O mesmo día realizáronse concentracións similares noutras comarcas de Galicia.

Máis alumnos por aula

O instituto de Melide ten matriculados na actualidade 431 alumnos, só 9 menos ca no curso anterior. Porén, este ano suprimíronse no centro tres grupos da ESO, pasando dun total de 15 a 12, e un de bacharelato (había 6 e quedaron 5). A redución ten como consecuencia principal o aumento no número de alumnos por curso. No tramo da ESO a me-



Os mestres non descartan realizar novas accións de protesta

dia de estudantes por clase aumentou un 20% o presente curso escolar, pasando de 20 alumnos por aula o ano pasado a 25 neste ano. No caso do bacharelato pasouse dunha media de 22 alumnos por aula a 25. Os mestres advirten que coa aplicación do Real Decreto se podería chegar nalgún caso ata 34 alumnos por clase.

Xulio Pérez, profesor de bioloxía no instituto dende hai

24 anos, cualifica estas medidas como “aparentemente inofensivas” pero advirte que poden ter consecuencias na formación “porque o alumnado ten diferentes capacidades e non se lle pode dedicar tempo e atención”. Engade que se está a fomentar un sistema educativo “inxusto” no que os alumnos “irán a dúas e tres velocidades, con avantaxados e rezagados”.

O Seminario da memoria recorda aos guerrilleiros



Fernanda Cedrón e Francisco Martínez, "Quico"

"Sería tan estéril non mirar atrás como non mirar adiante". Con esta reflexión comezou o III Seminario sobre a Memoria organizado polos institutos de Melide e de Rianxo en colaboración con outras asociacións e entidades. Baixo o título "A guerrilla e os campos de concentración", o seminario buscou ao longo de tres xornadas afondar no coñecemento dos guerrilleiros antifranquistas e no pasado máis recente de Galicia. A primeira das sesións

desenvolveuse nas instalacións do instituto melidense, onde os asistentes tiveron o privilexio de escoitar a Francisco Martínez, "Quico", implicado na oposición antifranquista dende os 17 anos e membro da mítica guerrilla de Manuel Girón. O programa completouse coa proxección de documentais e con dúas xornadas de traballo de campo en Padrón, Muros e Rianxo nas que se realizaron percorridos polos espazos vitais dos prisioneiros franquistas.

FOTO-DENUNCIA

Unha estrada, dúas caras



Hai ocasións nas que non é necesario recorrer aos marcos para saber onde están os lindes entre concellos; abonda con coller o coche e botarse a conducir. Un exemplo está na estrada que comunica Melide con Sobrado pasando polo Bodelo. Transitar por ela é coma quen cambia da noite ao día. Ou do día á noite, dependendo do sentido no que se vaia...

O certo é que existe unha liña divisoria ben definida: a un lado está Melide, cunha estrada sen asfaltar repleta de foxos, e ao outro está Sobrado, cunha estrada perfectamente acondicionada e incluso pintada. O mal estado das vías no concello de Melide comeza a ser un tema de preocupación para os veciños. O seu arranxo é unha cuestión prioritaria.

Un infarto evidencia as eivas sanitarias de Melide



Os veciños cren que o ambulatorio debe ter dous médicos de garda

Un cúmulo de malas coincidencias puxo de relevancia nos días pasados as carencias que ten o concello de Melide e a comarca ante unha situación de emerxencia sanitaria.

O sábado 26 de maio unha muller sufriu un infarto na Praza do Convento cando asistía á primeira comunión do neto. Eran as 13:10 horas cando se deu a voz de alarma pero o médico de garda do ambulatorio melidense ía nese momento camiño de Santiago con outra persoa que tamén sufrira un infarto. Non quedaba ninguén no centro de saúde e a muller foi atendida por unha moza enfermeira que estaba nos arredores da praza. Axiña se sumou un veciño de Melide que traballara no 061 e que se atopaba no velorio

dun familiar.

Os dous mozos practicáronlle á muller a reanimación cardiopulmonar durante 20 minutos, o tempo que tardou en chegar a ambulancia de Palas de Rei con un desfibrilador. Minutos máis tarde chegou tamén o helicóptero dende Santiago, que trasladou á infartada ao CHUS, onde foi operada de urxencia e onde finalmente faleceu.

O suceso non só conmocionou á veciñanza de Melide, senón que tamén espertou a súa preocupación. Son moitas as voces que reclaman un segundo médico de garda para a vila. Na mesma liña se pronuncio o goberno local, que considera que, cunha poboación de 8.000 habitantes, un só profesional é insuficiente.

A Xunta nega que autorizase a fumigación de eucaliptos

A Conselleira do Medio Rural e do Mar, Rosa Quintana, desmentiu no parlamento de Galicia que o seu departamento tivese autorizado a fumigación de eucaliptos en concellos como Melide para acabar coa praga do gurgullo. Segundo Quintana "neste momento non está autorizada ningunha fumigación con flufenoxurom e non entraremos a revogar autorización ningunha porque ni sequera hai solicitude".

Así respondeu aos representantes da Plataforma contra as fumigacións, que presentou no rexistro da Xunta preto de 100.000 firmas de cidadáns para pedirle ao goberno autonómico que non dea luz verde a ditas prácticas por seren tóxicas para o ambiente e a saúde humana. A este respecto, a conselleira asegurou que o produto que se denuncia "está autorizado expresamente na súa venda e aplicación polo goberno do Estado".

Ademais das sinaturas recollidas durante as últimas semanas, a Plataforma contra as fumigacións prepara outras medidas reivindicativas. A máis próxima será unha manifestación convocada para o próximo día 10 de xuño en Santiago de Compostela con saída da Alameda.

NOTICIAS BREVES

Recollida de aceites

O Concello de Melide asinou un convenio de recollida de aceites de cociña usados a través do cal unha empresa o retirará de xeito gratuito dos establecementos hostaleiros, colectividade e industrias que así o soliciten. Substituiranse 5 contedores nas rúas Os Garceiras, Avda. de Lugo, Praza do Multiusos, Progreso e Rda. de Pontevedra para que o aceite se poida depositar dentro do envase sen necesidade de baleiralo.

Quentando motores

Baixo o lema "Quentando motores, o teu KMO cara ao emprendemento", Melide acollerá o próximo 23 de xuño unha xornada na que se darán cita a mocidade e o mundo do motor. As actividades desenvolveranse no instituto. Entre os ponentes figuran coñecidos pilotos de rallies e outros deportistas galegos: Jesús Ferreiro, Pedro Burgo, Sergio Vallejo, Javier Anido, Toño Varela ou o ciclista Óscar Pererio.

O concurso dos guapos

O 17 de xuño celebrarase no Centro Social a elección de Miss e Mister Melide Terceira Idade. O único requisito para participar é ter cumpridos os 60 anos. Os candidatos ganadores representarán ao concello no certame galego, para o que xa hai data: 8 de xullo. Será xa a edición número 19 dun concurso no que participarán maiores chegados de toda Galicia e que se celebrará, como é costume, no Cantón de San Roque.

Terreos do ambulatorio

O equipo de goberno levou a pleno a cesión da parcela para construír o novo centro de saúde do municipio. O retraso nas xestións débese, segundo o executivo local, a que houbo que escriturar de novo os terreos, segregarlos e quitar as cargas que había sobre eles. Unha vez completados os trámites poderán entregarse ao Sergas, que considera a construción do centro "prioritaria" aínda que non pon data de finalización.

FALA A OPOSICIÓN: BNG DE MELIDE

“O PP basea toda a súa política en mentiras e falsas promesas que nunca acaba de cumprir”

Acaba de ser elixido novo voceiro do BNG de Melide. Asume o cargo “con gusto”, coa intención de achegarse máis aos problemas do pobo e coa convicción de que “a política é máis útil do que se nos quere vender hoxe en día”. Xosé María Santín Amo colle as rendas dos nacionalistas melidenses, de volta na oposición, e abre unha nova etapa tras a renuncia

de Socorro Cea. Moi críticos coa xestión do primeiro ano de lexislatura, Santín Amo e Xosé Iglesias, responsable local do BNG, cren que co PP “volveu o escurantismo”. A parálise de proxectos clave para a vila, a escasa execución de obras ou a política aplicada cos traballadores municipais son algunhas das cuestións que denuncian en “Fala a oposición”.

- Que destacaría deste primeiro ano de goberno do Partido Popular ?

- Xosé M^a Santín (X.M.S.): O que máis chama a atención é que non fixeron absolutamente nada en Melide. Limitáronse a aplicar unha política de mentiras e promesas que nunca acaban de cumprir. Prometeron un centro de saúde e os terreos non están cedidos. Tampouco foron capaces de xestionar os 500.000 euros que estaban presupostados para a Casa da Cultura. Nin sequera executaron obras que xa estaban proxectadas polo anterior goberno, como cubrir as pistas de pádel. Foi un ano decepcionante.

-O PP culpaos a vostedes e á súa etapa no goberno do atraso dalgúns proxectos que acaba de citar. Alguén mente...

-X.M.S.: As mentiras son facilmente rebatibles e polo tanto tamén o é a política do PP. É certo que había medio millón de euros para a casa da cultura. O BNG acaba de sacar un boletín informativo no que se ven os orzamentos do ano pasado e esa partida económica que eles non foron capaces de xestionar. O novo centro de saúde foi algo que vendeu directamente a alcaldesa e incluso trouxo á concelleira para facer a foto. Agora atopamos que nin sequera cederon os terreos. Iso é unha realidade que está aí.

-Recoñécenlle ao PP o mérito de sanear as contas do concello?

-X.M.S.: O que non di o Partido Popular é que cando Socorro Cea accedeu á alcaldía se debían 3,5 millóns de euros, había 1,8 en facturas e Melide estaba en risco de insolvencia. Esquecen que o verdadeiro plan de saneamento se puxo



Xosé M^a Santín, voceiro do BNG de Melide, e Xosé Iglesias, responsable local

en marcha co BNG e iso permitiu chegar á situación actual. Se o concello estaba ao borde da insolvencia no anterior mandato de Ánxeles Vázquez e cinco anos despois se lle deu a volta á situación, é porque houbo un traballo de por medio. As cousas non se cambian nun só ano.

-Aseguran que se está degradando a situación do concello por caprichos persoais. A que se refiren?

X.M.S.: Temos constancia de que as renovacións dos contratos aos traballadores municipais se fan en función de decisións persoais da alcaldesa e da afinidade política, non en base a criterios obxectivos. No conservatorio, por exemplo, chama a atención que profesores que traballan as mesmas horas cobren salarios completamente diferentes.

-Xosé Iglesias (X.S.): Volve o escurantismo. Ata que entrou o BNG no goberno, no conservatorio facíanse renovacións automáticas dos contratos. Nunca houbo procesos de selección transparentes. O que fixeron este ano foi modificar as bases e os nomes das prazas para que algúns mestres non se puidesen presentar. Houbo 7 despedimentos e outras tantas denuncias. Os xulgados déronlle a razón aos profesores e o concello xa leva gastado nun só ano 60.000 euros en indemnizacións.

-X.M.S.: Na gardería, por primeira vez, a algunhas traballadoras só lles renovaron ata xullo. Están preparando o terreo para despedir a certas persoas alegando que haberá menos nenos. Logo, cando funcione a nova escola infantil, contratarán a quen lles in-

terese. Hai pouco convocaron un concurso para unha praza de limpadora. Presentáronse 50 persoas e contrataron á cunhada dunha concelleira. Cousas parecidas pasan tamén con certos gastos do concello.

-Podería concretar ?

-X.M.S.: Tivemos acceso a facturas que existen no concello con respecto ao material de ferraxería. Nalgún establecemento só se gastaron 9 euros e noutro máis de 25.000. É algo que chama a atención, sobre todo cando nese comercio hai un estreito parentesco con algún membro do goberno.

-Como valoran a xestión cultural que se está a facer ?

-X.M.S.: A cultura hai que defendela e respectala e o PP non o está facendo. Demóstrao con feitos. Para as asociacións culturais de Melide non hai un só

céntimo pero foron quen de conseguir 25.000 euros para a Orquestra Sinfónica. E aínda teñen a cara de dicir nun pleno que iso é boa xestión. O ano pasado non se contratou para o San Roque ningún grupo de música tradicional. Hai pouco soubemos que este ano vai actuar Camela. Con que obxectivo se trae a Camela? Iso é dilapidar os cartos.

-Están de acordo coa nova fórmula da Feira do Melindre?

-X.M.S.: O BNG non asistiu á Feira do melindre porque se politizou completamente. Darlle medallas a xente do teu propio partido que non ten nada que ver co melindre nin vai axudar á súa difusión, non ten sentido. Na situación na que estamos, con recortes e regresión no sistema educativo, que se lle dea unha medalla ao Conselleiro de Educación... non sei nin que cualificativo poñerlle. Por outra banda, diversificaron a festa. Trátase de exaltar os melindres, os ricos e os amendoados de Melide. O que están a facer é convertela nun evento de exaltación de múltiples produtos.

-O BNG inicia con vostede outra etapa. Garante continuismo ou renovación ?

-X.M.S.: Renovación. Debemos acercarnos máis á xente e aos seus problemas. Creo que nos últimos anos pecamos un pouco de distanciamento, algo que vai implícito no papel da alcaldía. Queremos facer unha oposición construtiva, non como a que tivemos nós nos catro anos de goberno, baseada na mentira. Somos oposición, pero iso non significa dicir que non a todo por sistema. A nosa máxima aspiración é axudar ao pobo, ser o vehículo de transmisión das súas demandas e inquedanzas.

I Ruta de coches clásicos pola xeografía da comarca



Manuel Saavedra, de Melide, co seu Citroën 2CV do ano 1963

A I Ruta de Clásicos do Concello de Boimorto escolleu Melide como punto de destino para converter o Cantón de San Roque nun grande escaparate de coches clásicos. 63 vehículos chegaron na tarde do 2 xuño á vila despois de completar unha ruta que comezaba pola mañá en Lalín e pasaba polas localidades de Vila de Cruces, Portodemouros e Arzúa para facer parada en Boimorto, onde todos os

participantes gozaron dun xantar de confraternización. Arredor das 5 da tarde os vehículos históricos comezaban a chegar a Melide, onde aparcaron arredor do Cantón. Foron moitos os veciños que se achegaron ata o lugar para observarlos e para dar boa conta tamén da degustación de melindres que se ofreceu. A Ruta de Clásicos foi organizada pola escudería O Toxo en colaboración con Melide Motor Sport.

500 persoas asisten á festa dos maiores de Santiso



A actuación da charanga animou o xantar na pavillón de Arcediago

O domingo 3 de xuño foi un día de festa rachada en Santiso. Arredor de 500 persoas achegáronse ata Arcediago para participar na tradicional Festa dos Maiores, que se celebrou no pavillón da localidade. A xornada comezou ás 12 da mañá coa chegada dos autobuses e a animación de rúa a cargo dos grupos de gaitas “Os Gaiteiros da Ponte” e os “Amigos de Visantón”. Á unha da tarde celebrouse unha

misa na igrexa parroquial para dar paso a un xantar no que os asistentes degustaron empanada, polbo e carne ao caldeiro. O menú completouse con torta de amendoa, café e a actuación dunha charanga que animou a tarde. Este ano foi preciso inscribirse para asistir á festa. Segundo o alcalde de Santiso, Fernando Suárez, trátase dunha medida de aforro “para non ter que pagar pratos demais coma estes anos”.

Sobrado apura á Xunta para que remate a parcelaria en Grixalba

O alcalde de Sobrado, Jacobo Fernández, mantivo unha reunión de traballo coa Delegada da Xunta na provincia da Coruña, Belén do Campo, na que lle trasladou a necesidade de rematar canto antes a concentración parcelaria na parroquia de San Xiao de Grixalba. Do Campo comprometeuse a axilizar a tramitación do proxecto, que na actualidade se atopa á espera de resolver os recursos e alegacións presentadas polos veciños da zona.

Na mesma liña, Fernández volveu a solicitar, como xa fixera nunha anterior reunión con Do Campo no mes de febreiro, o arranxo da estrada AC-934 ao seu paso polo núcleo urbano de Sobrado. A delegada asegurou que dará traslado da necesidade desta actuación á consellería correspondente para que se execute o máis axiña posible.

Sendeirismo e deporte no inicio do verán

Os concellos da comarca decidiron darlle a benvida ao tempo primaveral e ao verán programando actividades ao aire libre abertas a todos os veciños da Terra de Melide.

Sendeirismo e deporte centran unha programación que terá a cita máis próxima o 9 de xuño co Ruta de Visantón, no concello de Santiso. Realízase a partir das 11 da mañá e paralelamente haberá na área recreativa de dita localidade xogos e entretemento para quen non queira camiñar. Ao día seguinte, o 10 de xuño, terá lugar en Toques a Ruta dos Megalitos, un percorrido circular de 14 quilómetros con saída da área recreativa de Souto ás 10 da mañá.

Por outra banda, o 16 de xuño celebrarase en Melide a derradeira cita das Xornadas Multideportivas Terra de Melide. No casco histórico da vila nenos e maiores participarán dunha serie de competicións baixo o lema “Deporte na rúa”.

Fin de curso en Toques con ritmo, maxia e trofeos



O grupo da 3ª idade bailou unha coreografía ao ritmo de “Xirarei”

O 1 de xuño tivo lugar no Polideportivo Municipal do concello de Toques o festival de clausura das Escolas Deportivas. As exhibicións comezaron co grupo de karate e continuaron coa ximnasia para a terceira idade, a patinaxe e o fútbol sala. Ao remate os asistentes degustaron unha merenda e de seguido procedeu á entrega de diplomas e trofeos aos participantes. Houbo

distincións para o mellor xogador en cada categoría de fútbol sala (prebenxamín, alevín, infantil e cadete), para o mellor xadrecista, o mellor karateca e a mellor patinadora. Tamén se entregou un premio honorífico para a participante máis veterana da ximnasia para maiores. Como colofón á festa, o mago “Christian Magic” ofreceu un espectáculo de ilusiónismo e maxia.

Recoñecemento ao labor dunha muller solidaria



María José, Eulalia Frade e Juan José na casa de Barazón Pequeno

A aldea de Barazón Pequeno, no concello de Santiso, conta dende hai varias semanas con dous novos veciños. Son Juan José Antas Sesar e a súa dona María José, que logo de superar moitas dificultades conseguiron facer realidade un soño perseguido durante moito tempo; ter unha casa propia.

Na consecución dese obxectivo foi parte importante Eulalia Frade Roibás, unha muller

que contribuíu coa súa solidariedade a que Juan José e María José tivesen unha vivenda de seu. En recoñecemento a todas as facilidades prestadas, o matrimonio celebrou o pasado 12 de maio unha homenaxe en honor a Eulalia. Ademais da mostra de agradecemento, o acto serviu tamén para inaugurar e a casa e contou coa asistencia de numerosas persoas da contorna.



Rúa Nova, 1 - 15800 MELIDE
Teléfono: 981 50 52 27

Dende o pasado 26 de maio Melide conta cunha ampla oferta de roupa de primeiras firmas para home e muller a prezos reducidos. Pode atoparse en **eXtempora**, un novo outlet que aposta para **Melide** por un modelo de negocio exitoso que está a ter moita aceptación entre a clientela.

Roupa de marca, con variedade de tallas e modelos para **muller e home**, fan de XTempora a mellor opción para mercar calidade a **prezo reducido**. Unha tenda na que o cliente atopará ademais co trato directo, a atención personalizada e a experiencia da súa propietaria, Amalia Rodríguez.

HOSPEDAJE - BAR - RESTAURANTE

Novo Continente

Pedro Coego Galego

C/ Luis Seoane, 8
15800 MELIDE (A Coruña)

Teléfonos: 981 50 61 82
699 61 37 59

→ → Camino de Santiago → → IMPRESCINDIBLES DEL PEREGRINO EN MELIDE



Ponte románica de Furelos



Albergue Turístico

O Apalpador

Rúa San Antón, 22
15800 MELIDE (A Coruña)

Tfno. reserva:
879 837 989
(para o grupo de peregrinos)

albergueapalpador@hotmail.com
www.albergueapalpador.com



Praza do Convento

Pousada Chiquitín

- Almorzos
- Menú do día
- Unha carta con pratos moi variados
- Habitacións
- Terrazas

Tfno.: 981 815 333 - Fax: 981 507 560
Rúa San Antón, 18 - 15800 MELIDE (A Coruña)
www.pousadachiquitin.es • info@pousadachiquitin.es

CAFETERIA CHAPLIN

Platos combinados, pastas, caldo

Cafetería IVORY

DESAYUNOS - TAPAS - RACIONES

Tfno.: 981 50 70 06
Camiño de San Roque, 1

15800 MELIDE (A Coruña)

50º ANIVERSARIO

Pulperia EZEQUIEL e fillos

Tfno./Fax: 981 50 52 91
Móvil: 686 58 33 78
Ctra. de Lugo, 48
15800 MELIDE (A Coruña)

Por nuestros clientes y calidad nos conocen en todo el mundo

cafetería Cervecería stop

Calle Ourense, 1 MELIDE

Desayunos:

1. Café con leche doble, chupito de zumo de naranxa natural natural y crumbenditos: 1,50 €
2. Café con leche doble, tostadas de pan artesano o bollería, chupito de zumo de naranxa natural: 2,50 €
3. Café con leche doble, tostadas de pan artesano o bollería y zumo de naranxa natural grande: 4,00 €

RESTAURANTE - PULPERIA Alongos II

Especialidade en cocido galés tradicional desde 1992

PULPO - RACU AO - COCIDO (para grupos)
CARNE DE BOLA A PEDIDA

Avenida de Lugo, 22
MELIDE (A Coruña)

Tel: 981 50 75 50
Móvil: 675 26 03 99

Ezequiel

eventos privados

Excelentes Menús, regados con vinos RIOJA

Travesía do Sol, 7 - 15800 MELIDE
Telfs: 981 505 291 - 686 583 378

CASA DE LOS SOMOZA

TURISMO RURAL

CASA DE LOS SOMOZA

Tfno.-Fax: 981 50 73 72 • Móvil: 687 59 20 90
Coto - Leboeiro - MELIDE (A Coruña)

Pulperia A Gorncha

Mov: 605 883 268
Camiño Vello de Santiago, 2 - Melide (A Coruña)
e-mail: garnachamelide@gmail.com

MODELL

PUB melide

22

e

23

Xuño

2º Aniversario

Gogos, Drag Queen, azafatas, premios...



P
U
B



M
O
D
E
L
L



PRÓXIMA APERTURA!!!

En Melide



Cantón de San Roque s/n. 1º

**BOCADILLOS
PLATOS COMBINADOS
RACIONES**

**BILLARES
FUTBOLINES
SALON DE TV
CIBER**

..Y MUCHO MAS

A Festa do Melindre esgota todas as existencias

Grande afluencia de xente nunha edición polémica polas novidades introducidas

É domingo 13 de maio e baixo un sol de xustiza centos de persoas escoitan na Praza do Convento o pregón no que Tomás Alonso, presentador da TVG, lle atribúe aos melindres a invención do marketing: “inventastes os melindres para traer os franceses polo Camiño de Santiago. Funcionou. A mellor maneira de repoñer forzas é comer un doce de Melide”.

Sempre e cando sexa posible, tería que engadir Alonso, porque na XXI Festa do Melindre, unha das máis concorridas dos últimos anos, atopar un doce “made in Melide” pasadas as dúas da tarde era tarefa máis ca complicada. A Asociación de repostería tra-

dicional Melide Terra Doce destaca tanto o éxito de vendas como o feito de que “cada vez colla máis forza o valor da calidade artesanal”. É por iso que as casas melindreiras integrantes da asociación incluíron un distintivo visual nos seus produtos como garantía “da excelencia dos ingredientes e do facer tradicional”.

Ao tempo que os melindreiros buscan a singularidade, a feira incorporou este ano stands cunha gran variedade de produtos; dende mel, empanadas, viños, biscoitos ou galletas ata unha ampla representación de doces palentinos. A idea non convenceu ao BNG de Melide, que decidiu non asistir á festa por considerar que se puxo a repostería local “ao mesmo nivel que produtos industriais ou foráneos”. Pola contra a alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, destacaba no seu discurso que a nova fórmula é un xeito de “darlle pulo á economía da vila” e de “facer Galicia”.



Tomás Alonso (pregoeiro) e Marta Landín (presentadora)



Na Festa do Melindre participaron numerosos negocios de Melide. Casa Juanito levou unha mostra dos seus viños

MANUELA NOGUEROL, UNHA VIDA DEDICADA Á REPOSTERÍA TRADICIONAL



Manuela Noguerol na tenda de Casa Melchora, que conserva intacta dende o seu peche.

“Estes días estou tendo moita xente; aínda hoxe pola mañá viñeron máis clientes”. Calquera diría que o negocio marcha a bo ritmo e que a actividade é frenética tralo mostrador. “Pero dígolles a verdade, que o sinto moito, que xa non hai melindres en Casa Melchora”.

Quen fala é Manuela Noguerol, a derradeira representante da casa melindreira por excelencia de Melide. As portas do seu negocio pecharon hai case ano e medio pero aínda hai quen peta a elas preguntando polos seus produtos. Semella que o arrecendo do melindre aínda permanece pegado ás pedras do Camiño de Ovedo. E tamén á memoria de Manuela Noguerol: “boto moito de menos o negocio. Moito. Foi unha vida enteira traballando aquí”.

Amoréanse os recordos de máis de trinta anos amasando, enforando e empaquetando doces; primeiro a carón de súa sogra Concha e logo por conta propia ata converterse na herdeira dunha tradición de catro xeracións e dunha casa na que chegaron a traballar ata 16 persoas facendo rosquillas paponas para levar ás feiras. O encontro cos melindres foi casual pero duradeiro: “casei e atopeime con toda esta historia”, di Manuela sorrindo, “comecei coma se fose un traballo máis, poñendo os melindres nas latas e atendendo o forno.

Tardei en amasar, porque onde estivese Concha...”

Á súa beira aprendeu o xeito do oficio e a máis importante das leccións: “nunca digas o segredo da casa”. Gardado baixo chave, Manuela colleu as rendas do negocio sendo fiel ao xeito artesanal de elabora-

O peche de Casa Melchora pon fin a unha tradición de 4 xeracións de reposteiras

ción, onde o forno de leña foi sempre unha peza fundamental: “levantábame todas as días ás seis para acendelo e ao final da mañá parecía unha carboeira que ía ás minas, pero cocín con leña dende o primeiro ao último día e volvería repetilo”.

Sempre tivo o convencemento de que “o que se fai, hai que facelo ben” e tal filosofía incluíu en todo momento o uso da mellor materia prima. Manuela recorda a améndoa marcona, pero non tanto pola súa calidade como polas tardes de verán que pasaba diante da casa en compañía das veciñas. “Entre todas sacabámoslle a pela. De vez en cando comían algunha e berriballes porque así non me

compensaba o negocio”, recorda con cariño. Certo é que Casa Melchora foi sempre un negocio familiar no sentido máis amplo da palabra. E desa gran familia tamén formaban parte as mulleres que todos os domingos ás 9 da mañá se presentaban na porta da tenda “para traerme os ovos da casa”. O mesmo sucedía coa manteiga de vaca “imprescindible para facer uns bos ricos”.

Un tras outro van sumando “moitos detalles que non se coidan nunha panadería calquera”, e por iso Manuela desaproba a facilidade coa que se pode botar por terra a pureza do melindre que ela tentou conservar durante décadas: “este ano na Festa do Melindre houbo algún desfase que non me gustou. Hai que respectar a calidade do produto e non se pode mesturar con outras cousas de elaboración industrial”. Pero por enriba de todo defende a continuidade dunha iniciativa que lle deu “auxe e categoría” ao melindre.

É a última das reflexións que fai tras abrir de novo a porta do seu negocio para amosar a tenda na que pasou media vida e medraron os seus fillos: “non quero que se dediquen a isto, porque é moi escravo, pero se algún día o necesitan, vale para poñer a andar de novo. Ata teño leña suficiente na casa para quentar o forno”. Quizais non remate aquí a historia de Casa Melchora.

Xacarandaina trae á vila o recordo da emigración



Un momento da actuación celebrada no polideportivo municipal

Ducias de melidenses encheron o Polideportivo Municipal o 19 de maio para participar dunha viaxe pola historia contemporánea a bordo do Galizien Amerika Linie, un dos barcos no que emigraron miles de galegos a América.

Ese é tamén o nome do último espectáculo da recoñecida agrupación Xacarandaina, unha homenaxe á emigración que trouxo á vila case dúas horas de música,

canto e danza que situaron ao público nos anos máis duros do éxodo galego ao novo continente. A partida, o traballo no campo, o intercambio de cartas, a chegada do “americano” ou o labor dos centros galegos no exterior foron algunhas das temáticas que representou Xacarandaina nun espectáculo cunha forte componente visual e rítmica que chegou a xuntar en escena ata 40 artistas ao mesmo tempo.

Os Melidaos emocionan aos galegos do País Vasco



Os Melidaos en Santurtzi acompañados por Airiños Galegos Doce Albor

Por primeira vez nos seus 10 anos de historia o grupo de música tradicional Os Melidaos actuou fóra das fronteiras galegas: foi no País Vasco, con motivo dos actos culturais do Día das Letras Galegas organizados pola Casa de Galicia en Santurtzi e pola asociación Airiños Galegos Doce Albor. Os días 19 e 20 de maio Os Melidaos tocaron en tres ocasións diferentes ante numerosos emigrantes galegos aos

que emocionaron coa súa música. A actuación máis aplaudida foi a realizada no teatro Serantes Kultur Aretoa, onde estiveron acompañados pola parella de baile da Terra de Melide formada por Suso Ascariz e Noelia Balboa. Os Melidaos ofreceron unha hora e media de espectáculo no que aproveitaron para presentar as pezas do seu novo disco, “Axudádeme a cantar”, que están a piques de rematar.

Primeira vitoria para Ferreiro e Anido no Rally de Talavera

Tras varios intentos fallados e repetidos golpes de mala sorte, por fin chegou a primeira vitoria no Campionato de España de Históricos para Jesús Ferreiro e Javier Anido. Os pilotos melidenses dominaron con comodidade a cuarta proba da tempada, disputada o 26 e o 27 de maio en Talavera de la Reina (Toledo), e que constou de 12 tramos cronometrados. Na primeira xornada o Porsche 911 RS de Ferreiro finalizou cunha vantaxe de 22 segundos sobre Toño Sainz, a pesar de ceder o mellor tempo en dous dos catro tramos celebrados. No segundo día os melidenses souberon administrar ben a vantaxe e remataron ganadores cunha marxe de 45 segundos sobre Sainz e Cattaneo. En terceiro lugar quedaron os locais Gómez e Medina.

Na clasificación xeral Ferreiro ocupa o segundo posto, con 95 puntos. O líder segue sendo Toño Sainz con 127.

Escuela Ayude, campioa galega na disciplina de loita olímpica

O pavillón de Santa Isabel, en Santiago de Compostela, rendeu ao bo facer da Escuela Ayude de Melide, que se proclamou campioa galega de loitas olímpicas en idade escolar. 300 loitadores e 14 clubes deron cita na capital de Galicia para participar nun campionato que conquistou de novo o centro melidense, consolidándose así como o máximo referente do deporte da loita en Galicia. Non foi doado facerse cun título que se resistiu ata o último momento e no que tiveron unha participación determinante os novos talentos da escola: Uxía Vázquez, Brais Vázquez, Santi Buján e Brais Lúgrís. Todos eles demostraron a puxanza da canteira e contribuíron a conquistar un título que pon punto e final a unha gran tempada. Para a directiva do centro é toda unha dose de ánimo para “seguir loitando polo futuro deportivo da escola”.

Exhibición de destreza na fin das escolas deportivas



A actuación do grupo de adultos de baile galego foi unha das novidades

A actividade das escolas deportivas do concello chegou ao seu fin cunha dobre xornada de clausura na que os participantes tiveron oportunidade de exhibir todo o aprendido durante o curso. O 1 de xuño foi a quenda dos alumnos de patinaxe, ximnasia de mantemento, baile moderno e de salón, batuka, ioga, aerobio, pintura e informática. Xa o 2 de xuño, o pavillón do insti-

tuto acolleu a actuación da escola de teatro e dos grupos de baile galego, unha actividade que se retomou esta tempada tras varios anos sen ser ofertada. No curso académico 2011/2012 puxéronse en marcha unha quincena de actividades diferentes para cativos e adultos nas que se matricularon, segundo datos do concello, case 1.000 persoas. As clases retomaranse en outubro.

Un ano de bo servizo e bos menús en Novo Continente



Pedro Coego, á esquerda, acompañado do persoal de Novo Contiente

O Restaurante e Hospedaxe Novo Continente celebrou o 25 de maio o seu primeiro aniversario cunha festa vespertina á que acudiron numerosas persoas, entre convidados e clientes. Cúmrese un ano dende que o xove emprendedor Pedro Coego colleu as rendas do negocio para darlle un novo enfoque e situalo en pouco tempo entre os establecementos que se recomentan

en Melide como garantía de bo xantar e bo servizo. Parte da boa marcha do restaurante radica no cambio de comidas que se levou a cabo, apostando por un menú con novos pratos nos que se combinan calidade, cantidade e bo prezo. Na coíña está o punto forte deste establecemento, ganador do último concurso de tapas organizado por Asetem cunha proposta saborosa e orixinal.



MELIDE

INMOBILIARIA MEDICIONES

INMOBILIARIA

Pisos
Casas
Terrenos
Alquileres

TOPOGRAFÍA

Catastro Mediciones
Parcelaria Informes
Particiones Valoraciones
Concesión de Aguas

Rda da Coruña, 68 Bajo Izq. - Melide (A Coruña) - Tlf. 981.93.51.08
melidemediciones@galicia.com - www.melidemediciones.com



MARMOLERÍA MELIDE S.L.L.

Fábrica y oficinas:
Parque Empresarial de Melide. Parcela nº 42
Tfno / Fax.: 981 505 518
15800 MELIDE (A Coruña)

- ARCOS
- BALAUSTRADAS
- COLUMNAS
- CHIMENEAS
- LÁPIDAS
- PLATOS DE DUCHA
A MEDIDA



Agora tamén xeados artesáns

**Tenda degustación de
queixo e produtos
artesanais de calidade**
**Rúa San Pedro, 16
MELIDE**
Tenda Tf-fax 981 505 723
Queixería tf 981 510 702
Balada – Visantoña
15809 Santiso
xebre@telefonica.net

ERUOM VÍDOS

XOÀN CARLOS GARCÍA MONTERO
Comercial
Móvil: 678 543 240

Pol. Ind. do Tambre - Vía Galiño, 9
15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel. 981 519 999
comercial@eruom.com

Rioja
Ribera del Duero
Rueda
Ribeiro
Vinos de Madrid
Somontano
Bierzo
V.T. Castilla y León
V.T. Castilla
Navarra
Toro
Rías Baixas
Valdeorras
Ribeira Sacra
Vinos del mundo
Champagne

O Corvo Grande, perigo para as troitas

Xavier Pazo Blanco, presidente da Asociación de Troiteiros 'Río Furelos'

A presenza do corvo mariño grande (cormorán grande), especie predominante mariña que inverna non só nos estuarios dos ríos senón tamén bastantes quilómetros no interior, está preocupando de forma seria nas zonas onde os salmónidos (salmóns, troitas) constitúen unha importante riqueza. Preocúpanos especialmente a vulnerabilidade das poboacións de troitas que tanto nas augas correntes como nas dos encoros son presa fácil desta ave. Pero tampouco é desprezable o efecto que pode causar tamén noutras especies piscícolas de pequeno e mediano tamaño.

Dende hai anos está aceptada a caza de entre 600 e 3.000 aves desta especie ao ano, sobre unha poboación estimada de 17.000 cormoráns. Nin fai falla aportar probas dos danos causados, xa que se converteron nunha evidencia nos últimos anos. Tamén, e de forma excepcional, está permitido prolongar a súa caza ata primeiros de maio, pois está comprobado un pequeno cambio no comportamento do corvo mariño que, ao igual que moitas aves, non retorna ao mar senón que nidifica nas proximidades dos ríos e lagos



constituíndo unha auténtica praga. No estado español, Asturias permite a caza duns 250 exemplares dentro dos ríos do principado, unha cifra similar á do ano pasado e coa mesma distribución por ríos. Son demandas que os pescadores e piscicultores veñen realizando dende hai tempo pola invasión de cormoráns que de forma crecente se produce cada ano.

Na terra de Melide existen tres colonias invernantes: Piñeiro – Toques (6), encoros do Rechinol – Melide (14) e Portodemouros en Arzúa (26). Incluso chegaron a nidificar e formar poboacións permanentes que, con bastante frecuencia, se están a desprazar cara

ás zonas intermedias e baixas dos ríos Furelos e Ulla.

Parecía que nos últimos catro anos as poboacións minguan laxeiramente pero no 2011 constatouse un importante incremento, especialmente durante os meses de novembro e decembro (cando as troitas comezan a subir para a desova). En todo caso, e en condicións adversas, o corvo mariño efectúa grandes desprazamentos cara zonas máis propicias, como son os grandes embalses. Unha vez máis, as asociacións de pescadores solicitamos un control efectivo deste animal, pois é un dos maiores depredadores de salmónidos.

Bankia. O futuro hipotecado?

Santiago Prado Conde (Chago), antropólogo

Isto non se detén, haberá o que faga falta, é preciso, etc. Afirmacións deste estilo escoitámolas a última semana de maio sen que ninguén cavilase sobre o que iso pode supor. Díxose que outros países tamén recapitalizaron aos seus bancos con cantidades bastante superiores á que agora seica precisa Bankia, que pasou de declarar ganancias a unhas perdas que nos deixan sen sono. O que non contan é que moitos países recapitalizaron aos seus bancos con cartos propios, e Bankia recapitalizárase con préstamos porque o estado non os ten, polo que os 19.000 millóns de euros (si, de euros) haberá que pedilos a un xuro que hipotecará ao estado –ou o noso futuro– durante un

bo número de anos.

Mentres ninguén pon en cuestión a axuda a Bankia, milleiros de persoas quedan sen traballo por mor dos recortes que nos levan ao inmovilismo e á desesperanza porque non se visibiliza futuro, e materializárase unha austeridade aínda maior se hai que facer fronte á millonada. Como pode ser que se soliciten axudas para unha entidade financeira e non para manter postos de traballo que redundarán en persoas que poden consumir e, polo tanto, que os cartos se repartan internamente?

A hipótese dos que están a favor da recapitalización de Bankia é que se construíra un banco que pronto volverá a xerar os 19.000 millóns; riqueza

para quen? En principio dísenos que a riqueza será para o estado como accionista maioritario, e despois venderá e gañará moitos máis cartos. Se isto é así, por que o propio estado unha vez que consome esforzos en xerar rendibilidade ten que abandonar a entidade? Isto, ou mo explican doutro xeito, ou non son quen de entendela, porque o estado non está para facer empresas rendibles para que outros se aproveiten. En caso de ser así, que se esqueza de Bankia e que o faga con outros sectores que van xerar maior benestar social porque reverterán as ganancias nun maior número de persoas. Doutro xeito é indecente e inmoral porque deixa de lado o ben común.

Comeza o verán, comezan as romarías

Xosé Núñez López

Sentímonos amedrentados polos medios de comunicación. Non fan máis ca falarnos de cousas arrepiantes, como se quixeran desacougarnos, dicindo que estamos horrorosamente endebedados e a piques de sermos intervídos, como se quixeran contarnos “historias para non durmir”.

Ante tal situación, eu fíxenme á idea de que a mellor forma de amañar isto é deixar de moer a cabeza con malos pensamentos. Xa temos xente dabondo á que lle pagamos para que pensen máis por nós e non só polos seus intereses. Agora temos por diante todo un verán cheo de boas romarías e queremos vivilas co máximo nivel de paz. Recéitovos como a mellor menciña para esquecer imaxes lóbregas, ir alí a onde unha banda popular de música faga un bo concerto, como por exemplo a Banda de Música de Visantón, que xa comezou a tempada con algunhas actuacións en parroquias da nosa comarca que encheron de ledicia aos asistentes que a ouviron.

Como ben nos deixou escrito Cervantes: “a música, a risa e o canto, recompoñen os ánimos descompostos e alivian os traballos que nacen do espírito”. Unha investigación recente levada a cabo nun instituto neurolóxico de Montreal comprobou que a música emborracha de gozo, fai estremecer ata provocar unha fervenza de reaccións no cerebro. Tamén alguén deixou escrito que a música é a vida. Se os sentimentos son os piares da vida, que é a música senón a liberación dos sentimentos?

Non quixera rematar sen facer un rogo a todos aqueles que teñen responsabilidades na cultura deste país: que lle presten un pouco máis de atención ás bandas populares. Evidentemente, hai que potenciar a música sinfónica, pero sen esquecerse das nosas bandas populares xa que son as que reflicten a tradición, as costumes e o sentir do noso pobo galego. Perder as nosas bandas de música é perder as nosas raíces, é perder o que temos de nós.

A computación na nube

Rafael Rodríguez Gaioso, enxeñeiro informático e Presidente de Melisa

Este mes imos falar de algo que levamos usando desde hai tempo e que cada vez se utiliza máis: “a computación na nube”. Calquera usuario que dispoña dunha conta de correo en Hotmail, Yahoo ou Gmail, xa coñece algunha das características que ten o uso deste servizo. Trátase de utilizar unha aplicación que se atopa aloxada nun servidor remoto ao cal accedemos a través dunha conexión a internet.

Os beneficios parecen evidentes: os datos non se almacenan no meu ordenador, polo que podo acceder a eles desde calquera sitio que dispoña de conexión a internet. Non teño que preocuparme de facer copias de seguridade e podo compartir facilmente a información con outros usuarios. Pero tamén contempla algunha desvantaxe: a miña total dependencia da conexión a internet, o almacenamento nun servidor externo de datos

sensibles, ou privados do meu negocio, ao estar gardados nunha instalación á que non teño acceso físico. E por último, a desconfianza que xera nos usuarios o feito de gardar a súa información en servidores remotos. O recente peche do servizo MegaUpload deixou a miles de usuarios sen posibilidade de recuperar os datos almacenados neses equipos.

Ferramentas como Google Docs, Zoho, Dropbox ou EyeOS supoñen unha gran oportunidade para calquera empresa. Deberían coñecerse para aproveitar as vantaxes que ofrecen no traballo diario. Coma en anteriores ocasións, animamos aos lectores a que proben algúns destes servizos, e se teñen algunha consulta que facer, poden contactar connosco a través do correo [melisa.melide@gmail.com], ou ben a través do noso Facebook [facebook.com/melisa.melide].

ENRIQUE GÓMEZ E TERESA BARBA, RESTAURANTE - PIZZERÍA XOLDRA

“Ofrecémoslle ao cliente os mesmos pratos caseiros que facemos para nós”

Nun deses momentos de ocio que deixa a vida de cando en cando, Enrique Gómez decidiu facer un curso de cociña. Quizais foi por iso de sacar partido ao que se aprende que a súa muller Teresa máis el decidiron cambiar as copas e os cafés do bar que rexentaban por un novo negocio no

que “a comida de toda a vida” fose a protagonista. Así naceu o restaurante-pizzería Xoldra, coñecido dende hai trece anos pola calidade e a variedade do seu menú do día; un establecemento que fixo das pizzas a súa marca de identidade e onde os peregrinos sempre atopan un bo acubillo.

-Como foron os inicios da Pizzería Xoldra?

-Teresa Barba (T.B.): abrimos exactamente o 12 de marzo de 1.999, pero xa antes diso levabamos traballando uns 25 anos no Bar Capitol. Comecei con miña tía e logo deixoume á fronte do negocio. Quizais non era a miña decisión ser hostaleira pero fun quedando, fun quedando... empezoume a gustar e seguí.

Enrique Gómez (E.G.): o local do Capitol era vello e non valía moito para reformar, así que decidimos arriscarnos e cambiar para este da Avenida de Lugo, que era da nosa propiedade. Só conservamos as mesmas mesas de mármore. Polo demais, o cambio foi total; pasamos de cafetería a restaurante, da xente maior á nova e dos clientes habituais a traballar con persoas que están de paso e con peregrinos.

-Os peregrinos son bos clientes?

- E.G.: Son moi, moi bos. Se non houbese peregrinos no camiño, moitos hostaleiros de Melide xa teríamos que ter pechado. Proporcionáchanse nove meses de ingresos regulares.

- T.B.: Son encantadores. Ás veces ata recollen os pratos e as cuncas do almorzo e non deixan nin un só papel tirado no chan. Tamén son moi agradecidos e estiman calquera pequeno detalle que teñas con eles. A xente de aquí ten menos calma e ás veces é esixente demais. Son maneiras de ser completamente diferentes.

-Nalgúns lugares abusan do peregrino porque só está de paso. Iso tamén acontece en Melide?

- T.B.: Si, algo diso pasa. Hai



Enrique e Teresa ante o cadro da Ponte de Furelos que preside o comedor do restaurante

quen lle cobra á xente de aquí a un prezo e aos peregrinos a outro. Non é normal e vai en detrimento de todos. O que está a provocar é que merquen nos supermercados.

- E.G.: Ao peregrino hai que tratalo ben. Ás veces chégannos aquí mareados ou enfermos e preparámoslle un arroz caldoso ou unha sopa rápida; calquera cousa que nos pidan. Aínda que parece que marchan e non volven, o boca a boca funciona. Teñen boa memoria e recomendan moito.

-Quizais recomenden tamén o seu menú do día. Que tipo de pratos ofrecen?

- T.B.: comida caseira. O que facemos de comer para nós é o que damos; a comida de toda

a vida: caldo de verduras, calamares, ensaladas, filetes, lentellas, fabada, tortilla, ensaladilla, macarróns... O menú por 15 días non se repite, procuramos variar. Dúas veces á semana damos peixe. Normalmente facémolo ao formo, aproveitando que está aceso para as pizzas.

- E.G.: pizzas hainas sempre. Son completamente artesás; facemos a masa todas as mañás e servimos unhas 50 ao día. Nas fins de semana podemos chegar ás 140. Tamén facemos paellas no momento. Só hai que esperar 20 minutos. Non facemos cantidades esaxeradas de comida porque non nos gusta que sobre nin requentalas para o día seguinte. Se rematamos un prato, ofrecemos outra cousa.

- Tamén fan comida para levar. Como funciona este servizo?

- T.B.: Todo o que temos para o menú do día pódese levar para a casa. A xente chama preguntando o que temos de comer e reserva os menús que quere para levar. Nas fins de semana encárganos sobre todo tortillas, polos asados ou empanadas que facemos nós tamén. Son para festas e celebracións privadas pero levan a comida de aquí.

-Que tal se traballa as fins de semana?

- E.G.: Notouse o baixón da crise, pero séguese traballando ben. Facemos moitas celebracións. A clientela é toda xente nova e por iso teñen máis saída as hamburguesas, os pratos combinados, as racións

“Se non houbese peregrinos no camiño, moitos hostaleiros de Melide teríamos que pechar”

“Aceptamos encargos e todo o que servimos como menú do día pódese levar para a casa”

e as pizzas, que nunca fallan. A mocidade en xeral é moi agradable. Dá gusto velos cando se levan ben.

-E cando se levan mal?

- T.B.: nós nunca tivemos ningún problema. A xuventude colleu unha mala fama inmerecida porque é falso que só se dediquen a beber. Fan bromas, cantan... veñen a estar xuntos e a pasalo ben.

-Consideran que teñen un traballo sacrificado?

- T.B.: Si. Sabes a que hora empezas pero non cando acabas. É un traballo seguido, día tras día, require atención constante e ter sempre boa cara. Non podes marchar e pechar a porta sen máis. Pero tamén che quedan bos recordos e coñeces moita xente.



O pasado 2 de maio A Boa Viña celebrou con grande éxito o seu 1ª aniversario, unha excelente ocasión para estrear **cervexa de barril** e completar unha oferta na que xa figura unha ampla **variedade de viños**: ribeiro, albariño, mencia, rioja, godello... sen esquecer a carta cos mellores **Gin tonic e mojitos**. A Boa Viña, o local de referencia na zona dos viños!!!



O **Pub Q+?** cumpriu 7 anos sendo un referente da movida melidense. O seu propietario, Alberto Buján, celebrou por todo o alto o aniversario na compañía de centos de mozos e mozas que se achegaron ata o local para coñecer a súa **nova imaxe** e gozar da **boa música**. Todos os venres e sábados tes unha cita coas festas dos Pub Q+?: **azafatas, gogos, cocteleiros** e máis!



OS Locais de moda en Melide

